Equipos de Dinamización da Lingua Galega

INFORME SOBRE O USO DO GALEGO NO ALUMNADO DO IES ILLA DE AROUSA.

CURSO 2020-2021

Enquisa de usos lingüísticos

Data de elaboración: xuño de 2021.

Autora: Helena Domínguez García (coordinadora do EDLG do IES Illa de Arousa, curso 2020/2021)

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN 2
2. METODOLOXÍA 4
3. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO 5
3.1. O centro 5
3.2. A localidade 6
4. A FALA DA ILLA DE AROUSA 8
4.1. A variedade xeográfica 8
4.2. Principais interferencias 8
4.3. Actitude do alumnado con respecto á lingua e a norma 11
5. RESULTADOS DA ENQUISA DE USOS LINGÜÍSTICOS 13
5.1. Lingua materna 13
5.2. Lingua e familia 16
5.3. Lingua e relacións sociais 19
5.4. Lingua e proximidade 22
5.5. Lingua e instituto 24
5.6. Capacidade para conversar en galego 26
5.7. Valoración social do galego 27
6. CONCLUSIÓNS 29
6.1. Resumo dos principais datos 29
6.2. Reflexións finais e propostas 30
7. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA 33

1. INTRODUCIÓN

O galego atravesa na actualidade unha situación paradoxal. Por unha banda, nos últimos corenta anos a lingua acadou algúns fitos fundamentais para a súa supervivencia, entre os que destacamos a súa designación como lingua cooficial de Galicia, a normativización e a súa introdución no ensino obrigatorio, en forma de materia de estudo e tamén como lingua vehicular da ensinanza doutras disciplinas. Asemade, existen medios de comunicación en galego –canles de televisión e de radio, xornais impresos e dixitais- así como unha vizosa literatura en lingua vernácula, entre outros logros.

En ningún momento da súa historia social gozou o galego de tanta protección institucional como na época contemporánea. Non obstante, enfróntase ao seu maior desafío desde que emerxeu como lingua diferenciada do latín: manterse como lingua viva e maioritaria no seu territorio.

A presión do castelán e a minoración social que sofre o galego están a provocar o progresivo abandono da lingua por amplas capas da poboación, de xeito que se está a crebar a hexemonía da que historicamente gozou o galego como lingua inicial. Segundo os últimos datos existentes, a situación de bilingüismo que se dá na sociedade galega está a evolucionar cara un monolingüismo en lingua castelá. Así o constata un recente estudo da Real Academia Galega (Loredo e Silva, 2020), dado a coñecer en abril de 2021, que afirma que un de cada tres alumnos castelanfalantes finaliza os seus estudos en Secundaria cunha escasa competencia en lingua galega.

Xunto ao retroceso no número de falantes, a calidade da lingua é outro dos aspectos que preocupan aos axentes normalizadores, xa que a lingua popular está cada vez máis interferida por préstamos innecesarios do castelán que están a desprazar as palabras e estruturas propias.

Neste contexto, a escola postúlase como un elemento clave á hora de promover o galego entre as novas xeracións e mellorar a consideración social da lingua, tanto desde o punto de vista académico e curricular como desde o punto de vista cultural.

O fomento da lingua galega é un deber para os poderes públicos que deriva do cumprimento da Lei de Normalización Lingüística, do Estatuto de Autonomía e da Constitución Española. O obxectivo é garantirlle ao alumnado o uso normal do galego, é dicir, que poida emitir e recibir todo tipo de mensaxes nesta lingua e usala en todos os contextos, tanto formais como informais.

Os Equipos de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) dos centros Educación Secundaria contribúen a este obxectivo na medida das súas posibilidades, malia que o tempo e os recursos dedicados á normalización son aínda insuficientes, tendo en conta a situación de desigualdade da que parte a lingua galega. En todo caso, os EDLG actúan como axentes dinamizadores dos centros, coa realización de actividades de uso da lingua e de visibilización da cultura galega, que mobilizan un gran número de alumnado e profesorado de diversos departamentos. A celebración do Día de Rosalía de Castro, do Día da Amizade o Día das Letras Galegas son algúns exemplos.

Entre as actividades previstas polo EDLG da Illa de Arousa para o curso 2020-2021 figuraba a elaboración dunha enquisa de usos lingüísticos ao alumnado. A elaboración deste informe cumpre con esta programación, ao presentar os resultados da sondaxe realizada, no marco dunha análise máis ampla sobre a realidade sociolingüística do alumnado arousán. A enquisa e o informe foron elaborados co convencemento de que o coñecemento dos usos lingüísticos contribuirá a mellorar o deseño do plan de normalización e do plan lingüístico do centro. Así pois, os **obxectivos específicos** deste traballo son os seguintes:

-Identificar cal é a lingua materna do alumnado.

-Analizar as prácticas lingüísticas familiares, atendendo á lingua de relación con pais, nais e irmáns.

- Estudar as prácticas lingüísticas dos nenos e nenas no contexto local próximo, nas prácticas de lecer e nas súas relacións sociais..

-Obter unha visión dos procesos de mudanza lingüística do alumnado do centro.

-Analizar as actitudes lingüísticas explícitas cara ao galego no alumnado.

-Obter un perfil lingüístico do centro.

-Ofrecer propostas de traballo para o EDLG da Illa de Arousa e o Departamento de Lingua Galega.

2. METODOLOXÍA

O informe consta de dúas partes diferenciadas; en primeiro lugar, preséntase unha análise da fala do alumnado da Illa de Arousa, desde o punto de vista das variedades diatópicas e das interferencias lingüísticas; e a segunda parte consta dun estudo sobre usos lingüísticos baseados nos resultados dunha enquisa realizada ao alumnado.

A análise da primeira parte sustentouse no coñecemento da poboación analizada que posúe a autora deste informe, adquirido en tanto que veciña da mesma comunidade local e enriquecido coa experiencia do exercicio da docencia no IES Illa de Arousa durante o curso escolar 2020-2021.

En canto á enquisa, elaborouse un cuestionario de 17 preguntas pechadas e unha pregunta adicional aberta, na que se convidaba ao alumnado a facer propostas para favorecer o uso da lingua galega no instituto. O cuestionario completo pode consultarse no anexo I.

A enquisa distribuíuse nas aulas no mes de novembro de 2020 durante as sesións de titoría de cada un dos grupos da ESO. Para iso, contouse coa colaboración dos titores e titoras do centro, que se encargaron de entregar e recoller as enquisas cubertas.

En total, participaron na enquisa 190 alumnos dos 201 matriculados, o que supón o 94% da poboación escolar. Das 190 enquisas recollidas, dúas considéranse nulas. Polo tanto, traballamos cos datos de 188 enquisas. Destas, 100 corresponderon a alumnos e 88, a alumnas.

Os resultados amósanse agrupados por temas e expresados en gráficos de porcentaxes, agás as cuestións relacionadas coa valoración da lingua, que se expresan en número de respostas. As opcións nas que o galego é maioritario están presentadas en tons verdes e as escollas do castelán, en amarelo. As porcentaxes en cor lila representan a opción “tanto en galego como en castelán”.

3. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

3.1. O centro

O IES Illa de Arousa é o único centro de Educación Secundaria Obrigatoria que existe na Illa de Arousa. O instituto acolle o alumnado local procedente, fundamentalmente, do CEIP Torre Illa de Arousa, institución que contou no curso 2020/2021 con 271 alumnos e alumnas matriculadas.

O número de alumnos matriculados no IES no 2020/2021 foi de 201, que se distribuíron en dous grupos de 1º de ESO, catro grupos de 2º, tres grupos de 3º e outros tres grupos de 4º. Esta distribución non é a habitual nun centro de dobre liña pero foi o resultado de aplicar os protocolos de distanciamento social introducidos a raíz da pandemia de Covid-19.

No IES Illa de Arousa só se imparte a ESO. Unha vez rematada a etapa obrigatoria, o alumnado que decide continuar estudos trasládase ao IES A Basella, en Vilanova de Arousa, para cursar o Bacharelato, ou aos diversos centros de Formación Profesional da provincia.

Creado en 1999, o IES da Illa de Arousa tivo desde os seus inicios problemas de espazo, pois foi concibido para un número de alumnado inferior ao que habitualmente dá servizo. Isto traduciuse en carencias estruturais, como a falta dun salón de actos, que repercute na organización de actividades complementarias, e doutros espazos axeitados para a socialización dos distintos sectores da comunidade educativa. Tampouco existe cafetería nin un espazo de reunión específico para o alumnado; asemade, a sala de profesorado é de reducidas dimensións para o claustro que acolle.

Con respecto ao profesorado, no curso 2020/2021 conforman o claustro 30 profesoras e profesores, unha orientadora e unha profesora de Pedagoxía Terapéutica. Polo que fai ao departamento de Lingua e Literatura Galega, está integrado por tres profesoras, das cales dúas teñen o seu destino definitivo no centro. A terceira praza cóbrese con profesorado non fixo.

O centro tamén conta cun Equipo de Dinamización Lingüística, cuxa coordinación recae cada ano no persoal do Departamento de Lingua Galega.

O galego é a lingua de comunicación da maior parte do claustro. O equipo directivo mantén un compromiso expreso coa normalización da lingua e a manifestación máis evidente é o uso que fai do galego en todas as relacións coa comunidade educativa. O galego é a lingua do material e da documentación que elabora o centro, así como das comunicacións coas familias e cos nenos e nenas.

As liñas de actuación para o fomento da lingua galega están recollidas no Proxecto Lingüístico de Centro (PLC), que foi aprobado en 2018 e será revisado cada catro anos.

O PLC constata a tendencia desgaleguizadora que está a sufrir a mocidade arousá e, entre outros obxectivos, establece os seguintes, con respecto ao papel das familias:

-É necesario facer conscientes ás familias do que está ocorrendo a nivel lingüístico. É dicir, facerlles saber que moitos dos seus fillos e fillas xa non saben falar en galego.

-É necesario fomentar o compromiso das familias na transmisión da lingua e no seu uso coas xeracións máis novas, como un patrimonio que tamén é deles e dificilmente poden conseguir por outras vías.

-Hai que contar con todas as persoas implicadas no decorrer na vida da Arousa, xa que a normalización non é cousa de centro escolar de maneira unilateral

En canto ao uso galego nas materias curriculares, tamén veñen establecidas no PLC, seguindo as directrices do Decreto de Plurilingüismo (Decreto 79/210 do 20 de maio, para a aplicación do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia). O galego e o castelán teñen unha presenza similar en canto a número de horas en todos os niveis educativos.

3.2. A localidade

A Illa de Arousa é un concello insular da provincia de Pontevedra que conta con 5.000 habitantes. A contorna socioeconómica caracterízase polo predominio das

actividades relacionadas coa pesca e coa acuicultura, cunha importancia crecente das actividades turísticas nos últimos anos.

Polas súas condicións de insularidade, a Illa de Arousa é un espazo que, mantivo un alto número de falantes monolingües en galego ata hai algúns anos. O proceso de castelanización que sufriron vilas veciñas como Cambados, Vilanova de Arousa e, sobre todo, Vilagarcía de Arousa nas últimas décadas do século XX chegou con retraso á Illa de Arousa, que avanzou no proceso de substitución lingüística desde hai aproximadamente unha década. Así o constata, por exemplo, Fe Souto, profesora de Lingua Galega con máis de 20 anos de experiencia no centro - á que consultamos- que é testemuña da ruptura na transmisión interxeracional do galego. Segundo sinala, hai 20 anos, o alumnado que non falaba galego no centro representaba apenas o 1%, mentres que na actualidade, nas aulas de primeiro curso da ESO, a metade do alumnado, particularmente as rapazas, xa non fala galego e algúns estudantes, mesmo presentan dificultades para expresárense con fluidez.

Os datos que proceden do CEIP apuntan na mesma liña. Segundo unhas declaracións de Carlos Abraira, do Equipo de Dinamización Lingüística do Torre-Illa, entre o 70 e o 80% dos integrantes de cada aula exprésanse en castelán (Estévez, 2021).

Con todo, estamos nun contexto no que o galego continúa a ser ambientalmente a lingua maioritaria, sobre todo, na poboación adulta. As características socioeconómicas da zona tamén favoreceron que a lingua se mantivese viva, pois as xentes mariñeiras foron tradicionalmente galegofalantes. Esta característica representa un punto forte á hora de activar novos falantes de galego entre o alumnado.

Aínda que carecemos de datos estatísticos concretos para o caso da Illa de Arousa, é posible extraer algunhas conclusións da Enquisa Estrutural do Fogares 2018, realizada polo Instituto Galego de Estatística (IGE). De acordo con esta fonte, o 63,40% das persoas da comarca de Caldas-O Salnés falan habitualmente “sempre en galego” ou “máis en galego ca en castelán”. Esta porcentaxe é elevada, se a comparamos coa media da provincia de Pontevedra, que está no 42,16% ou mesmo co mesmo dato para toda Galicia, que está en 52,29%.

4. A FALA DA ILLA DE AROUSA

Neste apartado referirémonos á variedade xeográfica falada na Illa de Arousa e presentaremos algunhas das principais interferencias que sofre a fala popular derivadas do contacto e a presión do castelán.

4.1. A variedade xeográfica

Se atendemos á clasificación das variedades diatópicas da Lingua Galega, na Arousa estamos ante unha fala do bloque occidental, unha zona lingüística construída en oposición aos bloques central e oriental, segundo a terminación do plural das palabras rematadas en *–ón*. En concreto, dentro do bloque occidental, a Illa pertence á área pontevedresa e, dentro desta, a subárea de Ulla-Umia, que contén, á súa vez, a microsubárea do Salnés. Ademais do plural en *-ons*, fronte a *-os* e *–ois*, destacan como trazos característicos a gheada, o seseo total e a terminación *-an* para o feminino de *irmán*, entre outros.

A Illa de Arousa tamén presenta cheísmo e certos dialectalismos na conxugación verbal, en concreto, no pretérito de indicativo, como a terminación en *–in* para a primeira persoa dos verbos da 1ª conxugación (*empesín*) e as formas do tipo *empesastes* e *empesástedes* para a 2ª persoa do singular e do plural, respectivamente.

4.2. Principais interferencias

A lingua popular da Illa de Arousa está moi interferida por castelanismos, fundamentalmente léxicos e morfosintácticos. A continuación, clasificaremos os principais fenómenos de interferencia en catro planos: ortográfico, fonolóxico, léxico e gramatical e morfosintáctico.

O **nivel fónico** do alumnado é o que semella aínda menos interferido. A maioría dos nenos e nenas conservan o sistema galego de sete vogais con catro graos de abertura. Non obstante, aínda que a realización espontánea adoita ser correcta, existe un pequeno grupo de alumnos e alumnas en cada aula que ten dificultades para percibir as vogais abertas e pechadas, así como para realizalas oralmente de xeito consciente.

Outros trazos característicos da fonética galega, como a pronuncia do *n* velar e do fonema fricativo palatal xordo /ʃ/ non están alterados. Asemade, a entoación

é tipicamente galega, con varias elevacións lentas e caídas rápidas ao final de cada grupo fónico.

Un dos aspectos máis destacables da fonética local é a presenza de gheada e seseo, dous fenómenos de relevancia na dialectoloxía da lingua galega. Ambos os dous son de uso maioritario nos falantes da Illa de Arousa. A gheada e o seseo aplícase tamén aos castelanismos, de xeito que temos realizacións como por exemplo, *verghuensa*.

O **nivel ortográfico,** que se manifesta nas producións escritas do alumnado, presenta interferencias recorrentes na acentuación, por influencia do castelán, como a acentuación do pronome tónico **él*, do adverbio **ademáis* e dos adverbios rematados en –mente*, **fácilmente.*

No **nivel morfosintáctico**, destacamos en primeiro lugar aquelas alteracións que afectan á conxugación verbal.

a) O sistema verbal é o que máis alterado se ve pola introdución de castelanismos, que afectan a diferentes niveis:

- A 1ª persoa do plural do copretérito acentúase en galego na penúltima sílaba: canta<u>ba</u>mos, comi<u>a</u>mos. Por influencia do castelán, o falante converte a antepenúltima sílaba en tónica, de xeito que se pronuncia **estábamos* e **andábamos*.
- Presenza de verbos en castelán que substitúen formas galegas, como por exemplo, *soler* ou *enterarse.* As formas galegas, que corresponderían a *adoitar* e *decatarse*, respectivamente, están escasamente estendidas na fala popular espontánea.
- Nalgúns casos nos que os termos galegos e casteláns son moi semellantes, a interferencia afecta á pronunciación dun único fonema, que por omisión ou adición, sitúa a palabra no ámbito lingüístico do castelán. É o caso de **oye*, por *oe*; **imagina*, en vez de *imaxina*; *estudiar* en vez de *estudar*, e **salir* en vez de *saír*. Outros exemplos son os participios realizados en castelán cuxo paso ao galego só suporía cambiar unha consoante: **protegido*, en vez de *protexido*; *cumplido* no canto de *cumprido*.
- É frecuente o uso incorrecto de construcións reflexivas: **caerse,* **casarse.*

- A non realización da alternancia vocálica que presentan algúns verbos no presente de indicativo constitúe outra interferencia, como **sinten*.
- A presenza de verbos compostos na fala espontánea non é habitual, aínda que si aparecen nas producións escritas do alumnado, especialmente o tempo pluscuamperfecto do castelán*: *había dito*.

b) Dentro da categoría de palabras que denominados determinantes, identificamos varios fenómenos:

- Os demostrativos neutros están castelanizados e atopamos **esto* e **eso*, en troques de *isto* e *iso.*
- En canto aos numerais, algúns cardinais están interferidos e outros non. Atopamos *vinte*, *duasentas*, pero castelanízanse as decenas de 4 e de 8: **cuarenta e oito* e **ochenta*. É curioso que en **cuarenta e oito* se combinen un termo galego e un castelán.

  Nos ordinais tamén conviven formas galegas con interferencias. Atopamos *primeiro* pero tamén **otavo*, en vez de *oitavo*. Esta última interferencia, aínda que é unha forma castelá, está realizada con fonética galega, xa que o falante obvia a pronuncia do grupo culto –ct, mediante a supresión da primeira consoante.

c) O sistema preposicional mantén formas galegas como *canda* con algunhas interferencias do castelán, como **hasta*.

d) Nos adverbios atopamos formas castelás que substitúen ás galegas, como **ahora,* **resién* ou **entonses.*

En canto ao **nivel léxico**, a perda de vocabulario propio é intensa. Destacamos a castelanización dos nomes dos días da semana (**lunes,* **jueves*), dos meses do ano (con excepción de *febreiro*) e das cores (**amarillo,* **rojo,* **blanco*....). Ademais, mencionamos as interferencias nos seguintes campos semánticos:

- Articulacións do corpo: **rodilla,* **tobillo,* **codo,* **nudillos,* **nuca,* **muñeca.*
- Utensilios de cociña: **tenedor,* **cuchara,* **taza,* **sartén.*

- Vocabulario escolar: **estuche, *silla, *tiza, *libreta, *asignatura, *cartulina, *chuleta.*
- Urbanismo: **acera, *carretera, *contenedor de basura, *paso de peatóns.*

Ao mesmo tempo, na Arousa consérvase un interesante acervo léxico patrimonial, especialmente relacionado co mundo do mar, que foi obxecto de varias recolleitas. Unha das máis recentes é a levada a cabo polo equipo de Dinamización Lingüística do CEIP Torre Illa de Arousa, no dicionario interactivo "O que o carcamán di", presentado en maio de 2021.Trátase dunha ferramenta en liña (na bibliografía aparece a ligazón) que recolle, por orde alfabética, expresións e palabras de uso local, cuxa definición pode escoitarse na voz dos propios nenos e nenas.
O blog denominado "na illa" tamén mantén publicadas na rede as seguintes recolleitas: Fraseoloxía carcamana, que recolle frases feitas de uso coloquial; o Dicionario de ausencias, que compila termos que non están contemplados na norma oficial do galego; e o Proxecto talasonimia, que presenta os talasónimos da Illa de Arousa, é dicir, os nomes de cons, praias e zonas de mar.

Tamén existe un libro lanzado polo mestre de primaria, Mario Afonso Nozeda, en 2013, titulado *Falares da Arouça,* que lista este tipo de vocabulario local.

Pola súa parte, no IES Illa de Arousa tense traballado este tipo de contidos desde o Departamento de Lingua Galega. No corredor da segunda planta do instituto exhíbese o mural titulado "Un mar de palabras", elaborado polo propio alumnado, que mostra algunhas desas palabras galegas pouco coñecidas que aínda están en uso na Arousa.

4.3. Actitude do alumnado con respecto á lingua e a norma

O ambiente do alumnado é fundamentalmente galegófono aínda que presenta os típicos prexuízos socioculturais e económicos que afectan á lingua galega, tanto novos como vellos preconceptos. De todos os xeitos, as actitudes cara a lingua son complexas de establecer, pois conviven sentimentos de inferioridade

cun gran aprecio pola lingua, tal e como se reflicte, por exemplo, na figura 18 deste informe, na que o alumnado valorou cunha nota alta o galego.

Doutra banda, o alumnado arousán é consciente de que posúe variantes dialectais moi marcadas, como a gheada e o seseo, e o galego normativo prodúcelle certa estrañeza. Ás veces, os nenos e nenas amosan resistencia a aceptar a norma do galego, sobre todo no referente á incorporación de novo léxico, cando isto supón a depuración de castelanismos asentados, pois consideran, por exemplo, que dicir *avó* en vez de **abuelo* non "é ghallegho da Arousa".

Como xa se mencionou, a lingua falada está moi interferida por castelanismos, en liña coa que acontece noutras zonas de Galicia. A persistencia de interferencias non se pode atribuír exclusivamente a un descoñecemento da norma galega, senón á inercia e á complexidade sociolingüística que envolve unha lingua minorada como o galego.

Os nenos e nenas da Illa de Arousa tenden a reproducir a mesma lingua que domina ambientalmente, con todos os seus castelanismos e vulgarismos e aínda sendo conscientes das incorreccións, coa vontade de converxer lingüisticamente en igualdade coa súa comunidade.

O uso de formas galegas "depuradas" é percibido por certos sectores da poboación arousá como un intento de diferenciarse ou elevarse culturalmente sobre os demais, polo que podería inhibir o cambio cara a unha lingua de maior calidade. Noutras ocasións, a adecuación á norma pode ser interpretada como un comportamento artificioso, que mesmo pode chegar a ser obxecto de mofa.

Este tipo de preconceptos están presentes tamén no alumnado e evidencian que o paso a unha lingua libre de interferencias non depende tanto de actuacións sobre a competencia –é probable que todos os falantes saiban que a forma galega é *avoa* e non *abuela*– como do cambio de actitudes e da eliminación de prexuízos.

Dalgunha maneira, a transformación que debe dar unha persoa que queira pasar do seu galego popular herdado e interferido a un rexistro de maior calidade, parécese ao proceso de muda que teñen que vivir os neofalantes, cando deben enfrontarse ás reaccións da súa contorna e reafirmarse na súa nova identidade lingüística. Precísase certa dose de coraxe.

Neste contexto, o instituto eríxese como espazo privilexiado para que o alumnado poida poñer en práctica un galego máis coidado e depurado, de xeito que cada vez lle resulte máis natural escoitar e falar un rexistro de maior calidade. Sería desexable que os profesores e profesoras actuaran como emisores dunha lingua de referencia.

5. RESULTADOS DA ENQUISA DE USOS LINGÜÍSTICOS

Presentaremos os resultados da enquisa ao alumnado agrupados en sete temas: lingua materna, lingua familiar, lingua e relacións sociais, lingua e proximidade, lingua e instituto, capacidade para conversar en galego e valoración social da lingua. Nalgúns casos, considerouse interesante presentar os datos desagregados por xénero e grupos de idades.

5.1. Lingua materna

Neste apartado amosamos os datos relacionados coa lingua materna do alumnado e presentamos as variacións por xéneros e por idades.

Figura 1



A lingua materna do 60% do alumnado enquisado é o galego. Un 38% sinala que é o castelán. Só un alumno marcou a opción de “outras linguas” diferentes do castelán e do galego na elección da lingua materna.

Se estratificamos os datos por xéneros (figura 2), observamos algunhas diferenzas. Entre os homes, o galego representa o 62% da lingua materna e entre as mulleres, o 58%. Tradicionalmente, na Illa de Arousa o número máis elevado de castelanfalantes presentábase entre as mulleres e, particularmente, nas nenas. A diferenza mesmo se podía percibir entre irmáns, en casos nos que eles falaban galego e elas, en castelán. Isto débese a un prexuízo tanto estético como sexista, que asocia o galego a unha lingua bruta e que, polo tanto, non sería axeitado para a socialización das mulleres, das que se agarda un comportamento lingüístico refinado.

Figura 2



Se desagregamos os datos por grupos de idades, tamén atopamos datos salientables e, neste caso, os resultados son contrarios aos esperados. Existe a percepción entre o profesorado de Lingua Galega do centro de que o uso do castelán é máis elevado entre o alumnado máis novo. Non obstante, os datos da enquisa conclúen que o galego é 4 puntos superior entre o grupo de idade de 11 a 13 anos ca no grupo de 14 a 16 anos (figura 3).

Esta disparidade entre o percibido e os datos recadados pode ter varias interpretacións. A que manexamos por experiencia e coñecemento da contorna é que existe un certo número de alumnos e alumnas dos grupos de idade máis novos que teñen o galego como lingua materna e de relación familiar e que, non obstante, falan castelán no instituto. Estaríamos ante unha bolsa de falantes de galego ocultos. Non é posible discernir se esta sería a explicación para todas as respostas facilitadas na enquisa ou deberían apuntarse outras causas.

Figura 3



5.2. Lingua e familia

Os gráficos deste apartado amosan a lingua de relación do alumnado con cada un dos seus proxenitores, así como a lingua falada cos seus irmáns.

Figura 4



Un 57% dos pais e nais do alumnado falan entre eles en galego ou máis en galego ca en castelán. E un 28% fala sempre en castelán ou máis en castelán ca en galego. Por outra banda, o 18% dos proxenitores falaría tanto en galego como en castelán.

Nesta pregunta sobre a lingua dos pais a opción “outras” acadou unha porcentaxe do 4%, bastante elevada, tendo en conta que as familias son na súa grande maioría de orixe galega e non falan outras linguas. Isto explícase porque o alumnado utilizou esta opción para sinalar os casos nos que un proxenitor fala en galego e o outro en castelán, unha situación que, en todo caso, podería sumarse á opción de “tanto en galego como en castelán”, que como xa mencionamos, representa un 18%.

En conclusión, algo máis metade das familias falan en galego, preto do 20% fala en castelán e outro 20%, aproximadamente, utiliza as dúas linguas.

Figura 5



Un 49% do alumnado fala con seu pai sempre en galego ou máis en galego ca en castelán, unha porcentaxe moi similar ao caso das nais, que é do 48%. Apenas se observan diferenzas entre a lingua utilizada con un ou outro proxenitor en razón do xénero destes. A porcentaxe dos que falan castelán con seu pai é do 47% e baixa ata o 36% na relación coa nai. Observamos que o patrón preconcibido sobre considerar a lingua castelá máis propia de mulleres non se cumpre neste caso, pois o uso do castelán é máis elevado co pai que coa nai. Unha variable que podería analizarse e que non se tivo en conta aquí é se puidera influír a procedencia dos proxenitores, considerando que os pais ou nais nacidos na Illa terían unha máis alta probabilidade de usar a lingua galega na relación cos fillos e fillas.

Doutra banda, arredor do 14-15% do alumnado sinala que utiliza as dúas linguas para relacionarse con seu pai e coa súa nai.

Figura 6



Na relación entre irmáns, a porcentaxe de castelán sobe, tal e como se mostra na figura 7, o que nos indica que o castelán se está a consolidar como a lingua de relación entre a xente nova. Un 38% do alumnado declara que fala sempre en castelán ou máis en castelán con seus irmáns, fronte ao 37% que se relaciona en galego. Un 12% utiliza as dúas linguas. O outro 12% representado pola opción "non sabe/non contesta" deberíase ao alumnado que non ten irmáns e marcou esta cela na enquisa.

Figura 7



5.3. Lingua e relacións sociais

Para identificar a lingua dominante nas relacións sociais, preguntámoslle ao alumnado a lingua que utiliza para relacionarse coas amizades e a lingua que usa nas redes sociais.

Figura 8



En canto á lingua utilizada coas amizades, confírmase a tendencia marcada pola relación entre irmáns. Un 38% fala cos amigos e coas amigas sempre en castelán ou máis en castelán ca en galego, mentres que a porcentaxe na que predomina o galego é do 33%, cinco puntos por debaixo É significativo tamén o número dos que declaran usar as dúas linguas, un 28%.

Se desagregamos por xénero os datos, observamos que existe un maior uso do galego entre os homes ca entre as mulleres (figura 9). Os varóns que declaran que usan maioritariamente o galego cos seus pares ascenden ao 40%, unha porcentaxe que baixa ata o 27%, no caso das mulleres, que usan principalmente o castelán para relacionárense entre elas (32%).

Figura 9



Figura 10



Figura 11



O galego obtén os seus peores resultados nesta enquisa no eido das redes sociais. O 61% do alumnado do centro só utiliza o castelán ou máis castelán ca galego para relacionarse a través das principais redes sociais de moda entre os adolescentes (instagram, tiktok, whatsapp). O uso do galego como lingua principal queda reducido neste eido a un 13%. Os nenos e nenas que declaran que usan indistintamente as dúas linguas representa o 21%.

Dada a cantidade de tempo que os adolescentes dedican a interactuar a través das redes sociais e o impacto que estas teñen nas súas vidas, estes datos deberanse ter moi en conta para o deseño de accións futuras de normalización e dinamización do galego.

5.4. Lingua e proximidade

Figura 12



Ao ser interrogado sobre a lingua que utiliza para realizar recados e xestións na súa localidade, o alumnado respondeu maioritariamente o galego. Un 45% fala

normalmente en galego neste tipo de situacións, un 35% opta polo castelán e outro 20% declara que se expresa na dúas linguas.

No que fai ás **actividades de tempo libre**, a opción maioritaria é o castelán, cun 45%. O predominio do castelán no lecer dos adolescentes non sorprende, tendo en conta que o castelán xa se amosou maioritario nas relacións coas amizades e nas redes sociais. O galego representa no lecer o 31%. Se analizamos a porcentaxe dos nenos e nenas que sempre usan unha lingua ou a outra o castelán mantén a hexemonía, pois un 28% opta unicamente polo castelán e un 22% é monolingüe en galego. A porcentaxe dos que usan as dúas linguas é do 23%.

Un aspecto que queda pendente de analizar e que permitiría afondar nas influencias lingüísticas no eido do lecer é a lingua vehicular das actividades deportivas, tanto as que organiza o Concello como aquelas desenvolvidas polos clubs e asociacións. Sen dúbida, a colaboración e o compromiso coa lingua destas entidades é fundamental para normalizar a lingua entre os e as adolescentes.

Figura 13



5.5. Lingua e instituto

En canto á lingua do instituto, que implica a relación cos titores e titoras, co profesorado e co resto de persoal do centro, o alumnado sinala que é maioritariamente o galego (figura 14). Un 19% responde que a lingua de uso habitual é sempre o galego e un 32% sinala que é máis o galego ca o castelán. As porcentaxes xuntas forman un 51%, lonxe do 23% que sinala o castelán como lingua habitual. Un 24% dos enquisados percibe que castelán e galego son habituais na mesma medida.

Figura 14



Figura 15



Na relación do alumnado cos compañeiros e compañeiras de instituto, a lingua de maior uso é o castelán, cunha porcentaxe do 41%, fronte ao 34 por cento que representan as dúas opcións nas que o galego é maioritario (sempre en galego ou máis en galego ca en castelán). Un 22% utiliza as dúas linguas para interactuar co resto do alumnado.

Doutra banda, unhas das cuestións da enquisa solicitaba do alumnado **ideas para favorecer o uso da lingua** galega no instituto**.** Recibíronse propostas de 20 alumnos, que detallamos a continuación:

-Máis actividades en galego: 4 propostas.

-Xogos en galego: 1 proposta.

-Xornal escolar: 1 proposta.

-Charlas: 2 propostas.

-Creación dunha cafetería: 2 propostas. A existencia dunha cafetería non pode ser considerada unha iniciativa de normalización lingüística pero, en todo caso, o feito de que saíse na lista de propostas evidencia a falta de espazos de encontro do alumnado, máis alá dos corredores ou do patio.

-Máis materias en galego: 10 propostas. Englobamos neste elemento todas as respostas do alumnado que se referían á lingua das distintas materias. En concreto, obtivéronse as seguintes respostas: falar galego en Educación Física; todas as materias en galego menos a de castelán; máis materias en galego; que en clase de castelán non sexa obrigatorio falar castelán; que a clase de valores éticos sexa en galego e tamén as películas; que máis profesores falen galego; que todas as materias sexan en galego; que haxa máis materias en galego; dar a materia de matemáticas en galego; facer falar máis galego.

Estas propostas espontáneas, nas que os propios nenos e nenas demandan unha maior presenza do galego nas distintas materias do currículo, levan a pensar que existen maiores marxes de actuación en favor da lingua galega nos centros de ensino e que o incremento do galego como lingua vehicular do ensino sería unha medida que probablemente gozaría de aceptación.

5.6. Capacidade para conversar en galego

Un 12% do alumnado do instituto declara que non sería capaz de manter unha conversa en galego ou que tería dificultades para facelo (figura 16). Entre o colectivo de falantes co castelán como lingua materna, a porcentaxe dos que presentarían dificultades para falar en galego sobe ata o 20% (figura 17).

Figura 16



Figura 17



5.7. Valoración social do galego

Neste apartado da enquisa os resultados non se expresan en porcentaxes, senón en número de respostas. Para indagar na valoración social do galego entre o alumnado, utilizáronse dous indicadores: a escala do 1 ao 10 e a percepción de discriminación por falar galego.

Figura 18



O alumnado valorou nunha escala do 1 ao 10 se consideraba o galego unha lingua necesaria, sendo o 1 igual a “nada necesaria” e o 10 igual a “totalmente necesaria”. A opción máis escollida foi o 10, marcada por 59 alumnos (31,3%), seguida polo 9, con 39 e o 8, con 44 escollas. Deste xeito, a lingua galega foi valorada cun notable alto ou sobresaliente por 142 dos 188 participantes da enquisa (75,5%). Só en 9 casos o galego recibiu unha valoración por baixo do 5.

Figura 19



A grande maioría do alumnado enquisado declarou que nunca se sentiu discriminado por falar galego. Con todo, 13 dos 188 nenos e nenas consultadas sinalaron que sufriran algún tipo de discriminación, o que representa un 6,9% dos participantes.

6. CONCLUSIÓNS

6.1. Resumo dos principais datos

- O galego é a **lingua materna** do 60% do alumnado. Preto do 40% ten o castelán como lingua materna. Se temos en conta o xénero e a idade, atopamos que o uso do galego é máis alto nos homes ca nas mulleres, e nos grupos máis novos ca nos máis vellos.
- Algo máis da metade dos **pais e nais** falan entre eles en galego, preto do 20% fala en castelán e outro 20%, aproximadamente, utiliza as dúas linguas.
- Aproximadamente a metade do alumnado (entre o 48 e o 49%) utiliza o galego para relacionarse con seu pai e con súa nai.
- A lingua maioritaria de relación entre **irmáns** é o castelán, cun 38% fronte ao 37% en galego. As porcentaxes están neste caso moi igualadas, pero funcionan como un indicador da perda de falantes.
- O alumnado arousán relaciónase coas súas **amizades** maioritariamente en castelán, nunha porcentaxe do 38% fronte o 33% dos que se relacionan maiormente en galego. Outro 28% usa as dúas linguas.
- Nas **redes sociais**, o castelán é a lingua do 61% do alumnado. O galego apenas representa o 13%.
- O castelán eríxese como a **lingua de lecer** do alumnado, cunha porcentaxe de representatividade do 45%. O galego acada o 31%.
- A lingua que se percibe como maioritaria no **IES da Illa de Arousa** é o galego, segundo o 51% dos enquisados. O 23% sinala o castelán como lingua habitual nas relacións do centro e un 24% atribúelles ao castelán e o galego o mesmo peso. Non obstante, a lingua principal de comunicación entre os propios alumnos é o castelán, nunha porcentaxe do 41%, fronte ao 34% dos que se expresan maioritariamente en galego.
- Un 12% do alumnado do instituto declara que ten **dificultades** para falar en galego. Desta porcentaxe, un 2% non se sente capaz de falalo.
- Nunha escala do 1 ao 10, o 75,5% do alumnado **valora a lingua galega** cunha nota igual ou superior a 8, polo que se percibe, en xeral, unha grande estima da lingua. Só 9 alumnos valoran a necesidade do galego por baixo do 5.

6.2. Reflexións finais e propostas

Segundo os resultados da enquisa, a porcentaxe de alumnado da Illa de Arousa que considera o galego a súa lingua materna é do 60%, non obstante, a mesma enquisa amosa que o alumnado que se relaciona cos seus pais en galego non chega ao 50%. Esta disparidade débese, probablemente, a que o galego é a lingua habitual que escoitan na casa, polo que os nenos e nenas perciben esta lingua como materna, aínda que non sexa a que eles usan maioritariamente. Esta hipótese viría referendada polos hábitos lingüísticos dos pais e nais, xa que un 57% falan entre eles en galego e un 18% falaría tanto en galego como en castelán. A porcentaxe dos pais e nais que falan sempre castelán ou máis en castelán está no 18%.

Doutra banda, resulta rechamante que a presenza do galego como lingua materna obteña unha porcentaxe maior entre o alumnado de 11 a 13 anos ca no grupo de 14 a 16, xa que non concorda cos hábitos lingüísticos observados polo profesorado de Lingua Galega do centro. Ambientalmente percíbese un maior uso da lingua entre o alumnado de cuarto ca no de primeiro. Asemade, se o proceso de desgaleguización é progresivo, os nenos e nenas máis vellos deberían rexistrar un maior uso ca os seus compañeiros novos. Porén, isto non se ve reflectido nos resultados da enquisa. Xa apuntamos anteriormente que podería existir unha bolsa de falantes de galego ocultos, que usan a lingua na casa pero escollen o castelán para relacionarse no instituto, aínda que non estamos certas de poder entender esta explicación á totalidade dos casos.

De todos os xeitos, é unha realidade aceptada que a posición hexemónica da que tradicionalmente gozou en galego entre os falantes da Illa de Arousa está en claro retroceso. Obsérvase unha mudanza lingüística nas novas xeracións, que evolucionan cara o monolingüismo en castelán.

Os eidos nos que o galego aínda se mantén maioritario son na relación cos pais e as nais e na realización de recados e xestións na propia localidade, debido a que o galego é aínda a lingua maioritaria da poboación adulta. Con todo, a posición da lingua galega está a diminuír nos ámbitos de relación da xente nova, que son os que garantirían o seu futuro: na relación entre irmáns, na relación coas amizades, no lecer e nas redes sociais. O galego obtén os peores

resultados de uso precisamente nas plataformas dixitais que dominan, en boa medida, o lecer dos e das adolescentes.

Neste contexto, sería interesante promover a existencia de referentes galegos nos medios de comunicación e na cultura de masas, de acordo cos gustos dos e das adolescentes. Precísanse, por exemplo, máis contidos audiovisuais en galego, a introdución do galego nos xéneros musicais de moda; e a promoción de “youtubers”, “influencers”, “gamers” e outras figuras das redes sociais en galego. Asemade, unha liña de actuación abarcable para un EDLG dun centro de ensino sería dar a coñecer as iniciativas deste tipo que xa existen en galego, a través de charlas, xornadas, visitas e actividades similares.

No que fai ao IES da Illa de Arousa, semella que se mantén aínda un predominio da lingua galega, sobre todo, na relación do alumnado co profesorado. Pero se observamos a lingua de relación entre os propios compañeiros e compañeiras de aula, gaña o castelán nun 41% fronte ao 34% do galego. Unha vez máis, é rechamante que teñamos unha poboación escolar cun 60% de lingua materna en galego e isto non se vexa reflectido nas conversas entre pares. Deducimos, polo tanto, que existe un grupo de nenos e nenas que se expresa en galego no seu ámbito familiar pero cambia ao castelán cando está no instituto. Esta mudanza tamén se dá nas relacións de amizade e nas redes sociais, como xa mencionamos. Así as cousas, chegamos á conclusión de que o galego se está a recluír ao ámbito da intimidade mentres o castelán gaña terreo nos usos públicos.

Se hai vinte anos nas aulas da Illa de Arousa había algúns nenos e nenas que podían presentar dificultades para falar o castelán con fluidez pola falta de práctica, esta tendencia inverteuse na actualidade, de xeito que nos atopamos cun reducido e crecente número de nenos que teñen dificultades para expresarse en galego. A porcentaxe do alumnado que se declara incapaz de manter unha conversa é do 2% e os que o farían con dificultades, do 10%. Temos, polo tanto, unha porcentaxe do 12% de nenos e nenas que presentan unha escasa competencia oral en lingua galega.

Un dos principais puntos fortes á hora de deseñar actividades de dinamización no IES Illa de Arousa é o apego á lingua que senten os nenos e nenas. Aínda

existindo os típicos prexuízos que lastran o galego desde hai séculos, domina, en xeral, unha boa disposición cara o galego, mesmo entre a poboación castelanfalante. Isto, unido ao feito de que o alumnado está exposto ambientalmente á lingua na súa contorna familiar e veciñal, facilitaría a activación de novos falantes, cun deseño axeitado de actividades motivadoras.

O obxectivo de incrementar o número de falantes de galego debería ir unido, de xeito paralelo, á procura dunha lingua cada vez máis depurada de castelanismos e rica. Intentar ilusionar o alumnado coa aprendizaxe de palabras novas para poñelas a circular é outro dos retos que podería asumir o EDLG da Illa de Arousa en vindeiros cursos.

Por último, é preciso facer notar que a dinamización e a normalización lingüísticas non son tarefas exclusivas da institución escolar e non debe recaer nela toda a responsabilidade de garantir a transmisión e o uso vivo do galego.

O Concello da Illa de Arousa, que ata o de agora non realizou ningunha acción de normalización lingüística, debería implicarse no fomento do galego e contribuír con campañas específicas. E máis importante aínda, debería garantir que o galego sexa a lingua vehicular de todas actividades que organiza, desde o lecer ata o deporte, especialmente aquelas dirixidas á infancia e á xuventude.

Finalmente, as familias arousás non deberían renunciar a deixarlles a lingua galega en herdanza aos seus fillos e fillas, pois é un tesouro que só lles pode facer ben. Os nenos e nenas que aprenden o galego na casa son quen de falar en castelán sen problema ningún, pero moitos dos que só aprenden o castelán non son capaces de falar en galego con soltura.

7. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA

-“Dicionario de ausencias” (2009), blog Na illa.

https://illadearousa.blogspot.com/2009/05/algunhas-das-palabras-que-usan-cotio-as.html

-Estévez, Rosa (11 de maio de 2021). As duascentas palabras que todo carcamán debería coñecer. *La Voz de Galicia*.

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/arousa/a-illa-de-arousa/2021/05/11/span-langgl-colexio-da-illa-recolle-mais-200-voces-carcaman-debe-conecerspan/0003_202105A11C5991.htm

- EDLG do CEIP Torre Illa de Arousa (2021). Proxecto “O que o carcamán di”.

https://www.thinglink.com/scene/1446057359095889921?buttonSource=viewLimits

-“Fraseoloxía carcamana”(2009), blog Na illa.

https://illadearousa.blogspot.com/2009/05/xogar-testos-expresion-usada-para.html

- IGE (2018). Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego

https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?idioma=gl&codigo=0206004

-Loredo, X., Silva Valdivia B. (Coord.) (2020). *Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da ESO*. Real Academia Galega.

http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/372/373/1222-1

-Nozeda Ruitinha, Mário Afonso (Coord.) (2013). *Falares da Arouça.* Ediciones Cardenoso: Vigo.

-Proxecto Linguístico de Centro IES Illa de Arousa.

-“Proxecto talasonimia”(2009), blog Na illa.

https://illadearousa.blogspot.com/2009/03/aqui-presentamos-por-orde-alfabetica.html

ANEXO I

Enquisa sobre usos lingüísticos. Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Responde as seguintes preguntas coa opción que máis se aproxime á túa realidade. Marca só unha das caixas.

Idade:

☐ Home ☐ Muller

1. **Cal é a túa lingua materna?**

☐ Galego ☐ Castelán ☐ Outras:

2. **Cal é a lingua que empregas normalmente cando falas co teu pai?**

☐ Sempre en galego

☐ Máis en galego ca en castelán

☐ Tanto en galego como en castelán

☐ Máis en castelán ca en galego

☐ Sempre en castelán

☐ Outras:

3. **Cal é a lingua que empregas normalmente cando falas coa túa nai?**

☐ Sempre en galego

☐ Máis en galego ca en castelán

☐ Tanto en galego como en castelán

☐ Máis en castelán ca en galego

☐ Sempre en castelán

☐ Outras

4. Que lingua usan o teu pai e a túa nai ao falaren entre eles?

☐ Sempre en galego

☐ Máis en galego ca en castelán

☐ Tanto en galego como en castelán

☐ Máis en castelán ca en galego

☐ Sempre en castelán

☐ Outras

5. No caso de ter irmás/irmáns, que lingua falades entre vós?

☐ Sempre en galego

☐ Máis en galego ca en castelán

☐ Tanto en galego como en castelán

☐ Máis en castelán ca en galego

☐ Sempre en castelán

☐ Outras

6. Habitualmente cos teus amigos, que lingua falas?

☐ Sempre en galego

☐ Máis en galego ca en castelán

☐ Tanto en galego como en castelán

☐ Máis en castelán ca en galego

☐ Sempre en castelán

☐ Outras

7. **Se sabes que un amigo/a teu fala habitualmente en castelán, diríxeste a el/ela en...**

☐ Galego ☐ Castelán ☐ Outras

8. **Se sabes que un amigo/a teu fala habitualmente en galego, diríxeste a el/ela en...**

☐ Galego ☐ Castelán ☐ Outras

9. **Cando na túa localidade fas recados, encargos ou xestións, normalmente falas en...**

☐ Sempre en galego

☐ Máis en galego ca en castelán

☐ Tanto en galego como en castelán

☐ Máis en castelán ca en galego

☐ Sempre en castelán

☐ Outras

10. **Nas túas actividades de tempo libre, normalmente falas en...**

☐ Sempre en galego

☐ Máis en galego ca en castelán

☐ Tanto en galego como en castelán

☐ Máis en castelán ca en galego

☐ Sempre en castelán

☐ Outras

11. Nas túas redes sociais (WhatsApp, Instagram, Tik tok...), que lingua usas?

☐ Sempre en galego

☐ Máis en galego ca en castelán

☐ Tanto en galego como en castelán

☐ Máis en castelán ca en galego

☐ Sempre en castelán

☐ Outras

12. Dirías que a lingua de uso habitual no instituto (relación con titores/as, profesorado, outro persoal do centro) é:

☐ Sempre o galego

☐ Máis galego ca castelán

☐ Tanto o galego coma o castelán

☐ Máis castelán ca galego

☐ Sempre o castelán

13. Habitualmente, que lingua falas cos teus compañeiros/as no instituto?

☐ Sempre en galego

☐ Máis en galego ca en castelán

☐ Tanto en galego como en castelán

☐ Máis en castelán ca en galego

☐ Sempre en castelán

☐ Outras

14. Considéraste capaz de manter unha conversa en galego?

☐ Si, perfectamente

☐ Si, con dificultade

☐ Non

15. Algunha vez te sentiches discriminada/o, xulgada/o ou sinalado/a por falar galego?

☐ Si ☐ Non

16. Cres que o galego é unha lingua necesaria? (contesta na escala: 1= nada necesaria, 10= totalmente necesaria)

☐1 ☐2 ☐3 ☐4 ☐5 ☐6 ☐7 ☐8 ☐9 ☐10

17. Cres que o galego pode ser empregado en todos os aspectos da túa vida?

☐ Si ☐ Non ☐ Outras

18. Gustaríache propoñer algunha idea para favorecer o uso da lingua galega no instituto?

Moitas grazas pola túa colaboración!

Os datos desta enquisa anónima serán empregados para orientar as actividades do Equipo de Dinamización Lingüística.